



NORMAS DE PARTICIPACIÓN / REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES

Índice

1. Participantes.....	2
2. Actividades.....	3
3. Inscripción.....	4
4. Transporte.....	4
5. Anulación.....	4



O Club Alpino Ourenseño é unha asociación deportiva sen ánimo de lucro cuxa finalidade é a realización e fomento de actividades no medio natural nas súas diversas modalidades: sendeirismo, escalada, alpinismo, espeleoloxía, etc.

É un dos obxectivos fundamentais do Club Alpino Ourenseño promover a formación de deportistas, dando facilidades a os seus socios para adquirir habilidades que son propias dos deportes de montaña.

1. Participantes

a) Requisitos

- i. Será requisito fundamental para participar nas actividades, ser socio do Club Alpino Ourenseño. A condición de socio adquirese mediante o pago da cota que a estes efectos se establece mediante Asemblea Xeral Extraordinaria.
- ii. Para participar nunha actividade requirirase a licenza federativa correspondente que cubra a actividade a realizar ou no seu defecto a obriga, por parte do participante, de subscribir un seguro de accidentes individual.
- iii. Os menores de idade deberán presentar un consentimento dos titores legais, previamente a realización da actividade.

b) O coordinador da actividade poderá impedir, anteriormente ó inicio da actividade, a participación a calquera socio que non teña os coñecementos necesarios, que non dispoña do material requirido ou estea en mal estado ou que non conte coa forma física e/ou experiencia necesaria para a actividade.

Durante a actividade, o coordinador da mesma, poderá instar a un participante a non continuara mesma e requirirille que volva ao punto de orixe.

c) Todos os participantes son responsables da súa propia seguridade. Estes comprométense a non poñer en perigo o resto dos participantes nin ao coordinador da mesma e asumen os riscos inherentes ás actividades de montaña, sendeirismo, espeleoloxía e cantas organice o Club Alpino Ourenseño. O Club Alpino Ourenseño e o coordinador da actividade limitanse á coordinación e control do bo desenvolvemento da mesma e a facilitar os medios loxísticos adecuados para cada actividade programada.

d) A xunta directiva poderá tomar medidas cara un participante que reiteradamente incumpra os horarios establecidos, ou cree problemas de calquera índole que deliberadamente rompan ou intenten romper a convivencia do grupo.



e) Todos os participantes deberán realizar a actividade por detrás do coordinador da actividade, salvo que este estableza de maneira distinta durante o transcurso da actividade. Así mesmo, todos os participantes que se desvíen da ruta prevista deberán de comunicalo ao coordinador da mesma a meros efectos informativos e quedarán, baixo a súa propia exclusiva responsabilidade, automaticamente fora da actividade considerándose como non participantes

2. Actividades

a) As actividades non son organizadas por guías de montaña, son os compañeiros os que se axudan entre si, fieis ó mais puro espírito montañeiro.

b) Para participar nas actividades non se realizará ningunha proba de capacitación, pero proporcionarase toda a información necesaria para valorar a capacidade propia de afrontar a actividade. Recoméndase aos participantes ler con detenemento toda a información publicada acerca da actividade, como a duración, desnivel, posibles incidencias, etc. En cada actividade especificarase se esta require algún tipo de coñecemento específico. Faise un chamamento especial ós participantes para que calibren as súas forzas, a efectos de poder realizara actividade prevista.

c) En todas as actividades facilitarase información adecuada a actividade a realizar, en especial:

- Descrición da actividade, do seu percorrido e dificultade.
- Material necesario para a realización da mesma.
- Condicións e requisitos para participar.
- Custe da actividade. No caso de que por circunstancias imprevistas sexa necesario realizar gastos extras, estes serán a cargos dos participantes.

d) Para participar nas actividades será obrigatorio levar todo o material indicado na información da actividade e en especial roupa de abrigo, con independencia da previsión meteorolóxica. Os participantes deberán ir preparados para calquera circunstancia imprevista, meteorolóxica ou de outra índole, que se poda presentar durante o transcurso da actividade e que poida incrementar a dificultade da mesma.

e) Todos os EPIs e material de seguridade que se indican como obrigatorios para a realización da actividade, deberán estar homologados para a actividade en cuestión e estar en bo estado.

f) As actividades do Club Alpino Ourenseño serán as que se publiquen no seu programa mediante a súa páxina web, non considerándose outras actividades non publicadas como actividades organizadas polo Club Alpino Ourenseño.

g) Nas actividades que requiran aloxamento e/ou manutención, establecerase unha opción única. Todas as alternativas serán responsabilidade do participante en cuestión.



h) A actividade poderá ser alterada ou cancelada cando as condicións meteorolóxicas ou outras causas así o aconsellen.

i) No caso de que se estableza unha reunión informativa previa a actividade será obrigatorio asistir a mesma a todos os participantes da actividade en cuestión.

3. Inscripción

a) A inscrición realizarase:

- Preferentemente a través do formulario adxunto na descrición da actividade na páxina web do club.
- Mediante correo electrónico a contacto@clubalpinoourensan.es cubrindo os datos requeridos para a actividade nun documento excel que se achegue.
- Mediante chamada ó teléfono do club (en horario de club).
- Persoándose no local.

b) No caso de que a actividade teña un custe, este deberá aboarse antes da realización da mesma na conta bancaria do Club Alpino Ourenseño, considerándose non apuntado ata a realización efectiva do ingreso.

c) A inscrición realizarase por orde rigorosa de inscrición ata o esgotamento das prazas dispoñibles.

d) A inscrición realizarase como data tope na indicada na información da actividade, e no caso de que non se indique, establécese como data límite de inscrición o **mércores anterior a realización da actividade ata as 21:00h horas**, salvo que cadre a día inhábil ou a apertura do local do club se adiantase a outro día.

e) **Se requirirá un mínimo de 5 participantes para levar a cabo a actividade. Neste cómputo, unha unidade familiar contará como un único participante.**

f) **No caso de que finalmente o número de participantes sexa menor de 5, a actividade considerarase privada e non de club, quedando a decisión do coordinador levala a cabo ou suspendela.**

4. Transporte

a) Como norma xeral o desprazamento ata o lugar de realización da actividade será en vehículos particulares. O club intentará xestionar o transporte das persoas que non dispoñan de ningún medio, polo que o club poderá recoller información sobre dispoñibilidade de vehículos e prazas libres nos mesmos.

b) Nas actividades nas que se estableza un medio de desplazamento colectivo, o punto de saída e chegada deste será o establecido polo coordinador da actividade, non realizándose outras paradas.



5. Anulación

a) No caso de non poder asistir a actividade, o participante deberá comunicar tal extremo, con un mínimo de 24 horas de antelación ó comezo da actividade, co fin de que a súa praza poida ser ocupada por outra persoa.

b) Se houbera reserva de algún tipo non cuberta por outro socio e esta fose cobrada ao club, o participante deberá aboar o importe da mesma.